

UNIDADES DIDÁCTICAS DE ENSINO PRIMARIO
CULTURA E TRADIÇÕES DE GALICIA

CADERNO Nº 3


OS CASTROS E A CULTURA CASTREXA



RAMÓN PICO

OS CASTROS E A CULTURA CASTREXA

Un castro é un antigo poboado fortificado, situado en lugares de fácil defensa como outeiros, penínsulas e outros accidentes do relevo. Son unha construción típica de Galicia e tamén do norte de Portugal.




Reconstrucción do castro de Viladonga, na provincia de Lugo, tal e como podería ser ó redor do século II da nosa era, xa en época romana

PEQUENA HISTORIA...

Durante uns mil anos, os castros foron o asentamento típico da poboación de Galicia. Antes vivían en chozas e cabanas de madeira e non permanecían demasiado tempo nun mesmo lugar.

Os primeiros castros que se coñecen datan duns seiscentos anos antes de Cristo. Estes tempos en Galicia corresponden á chamada *Idade do Bronce*, pois aínda non se coñecía o ferro. Os instrumentos e ferramentas que se usan son de pedra e de bronce.


Coa chegada dun pobo procedente do leste de Europa, os celtas, introdúcese o ferro, máis duro e fácil de obter que o bronce. Moitos utensilios fanse neste novo metal deixando o bronce para pequenas pezas como os adornos, nos que tamén se usa o ouro.




Estado actual do Castro de Viladonga.

Ata a chegada dos romanos no século I antes de Cristo, desenvólvese a cultura castrexa propia; despois, coa chegada dos romanos, prodúcese lentamente o fenómeno da *romanización*, comezando así outro período que será o dos castros romanizados.

A maioría dos restos de castros que podemos ver están romanizados.



Planta de vivendas típicas castrexas



Planta de vivendas romanizadas

A cultura castrexa desaparece coa caída do Imperio Romano e as invasións dos pobos "bárbaros", no século V despois de Cristo. Os castros foron desaparecendo cubertos de maleza e terra. Só quitando esta terra, excavándoos, podemos ver un pouco como eran antigamente.

FORMA DOS CASTROS

A forma típica dos castros é redonda ou ovalada. Situados normalmente sobre un outeiro, están rodeados por un ou varios muros de

pedras ou de terra, con foxos intermedios e portas de entrada.

Sobre o primeiro muro había unha empalizada de madeira para defenderse mellor de posibles ataques. Tamén hai castros á beira do mar que utilizan os cantís como elemento de defensa.



AS VIVENDAS


Dentro do castro están as vivendas, aínda que hai castros sen vivendas; polo que se supón que só se usaban como lugar de refuxio en caso de ataque.

As vivendas son máis ben pequenas, de forma redondeada, co tellado de palla ou colmo. Nun principio construíanse con terra e ramallos, e despois de pedra.


Dentro da vivenda hai unha lareira e moitas veces bancos de pedra adosados ós muros.



Reconstrucción dunha vivenda castrexa.





Fases da construción dunha vivenda



Coa chegada dos romanos comezan a facerse de forma máis rectangular e tamén se usan os tellados de tellas, xa na última época.

Non hai unha planificación do espacio; cada casa está feita onde lle pareceu ó que a fixo, o que dá unha sensación de desorde.

Ademais das casas podemos atopar outras construcións para servicios complementarios como obradoiros, almacéns, fornos e graneiros.



Pedras empregadas para fixa-lo tellado

Detalle da construción do tellado

Dentro da casa destaca a lareira onde se facía o lume, para cocíña-la comida e para quentarse no inverno.



A VIDA NO CASTRO




ACTIVIDADES ECONÓMICAS:

Os habitantes dos castros dedicábanse á agricultura e á gandería, á caza e á recolleita de froitos silvestres.

Cultivaban cereais, trigo e millo miúdo, e outras plantas coma chícharos e fabas. Recollían landras coas que facían unha especie de pan e outros froitos.

O gando estaba formado por ovellas, cabras, vacas, porcos e cabalos. Tamén practicaban a caza de cervos e xabaríns e, nos castros preto do mar, o marisqueo e a pesca.




Muíños empregados nos castros para moer trigo, millo miúdo, landras...


Así, a comida dos habitantes dos castros estaba formada por vexetais: landras, trigo, millo miúdo, fabas, chícharos e froitos silvestres; carnes: de cabra, ovella, porco e vaca; mariscos: ostras, ameixas, mexillóns, lapas, ourizos...; peixes: pescada, ollomol, xurelos, xarda...

Para beber, a parte da auga, facían unha especie de cervexa fermentando algún cereal.

Para garda-los distintos productos facían cestos e cacharros de cerámica.



Facendo cacharros de cerámica.



Vaso campaniforme




Outro vaso castrexo

A cerámica tiña un uso doméstico, de cociña, pero tamén funerario, cerimonial e ornamental. Na cociña úsanse para prepara-los alimentos, para comer e beber e para garda-las provisionns.

Tamén practicaban a minería, coa extracción de ouro, ferro, chumbo, estaño e pode que tamén cobre.

Comerciaban entre eles con metais, cerámica e outros productos.






Típico machado de bronce. Estas pezas atópanse en moitísimos castros.

Ó atoparse nos castros fusaiolas (pezas de fusos) e moitas pesas de tear, demostra a existencia dunha industria de tecido doméstico, que pervivirá ata os nosos tempos, aínda que con novas técnicas.

É un traballo fundamentalmente feminino.

Para fiar servíanse de fusos de madeira con fusaiolas de pizarra ou de cerámica, ás veces moi decoradas



O tear, de tipo moi rudimentario, é de lizo e urdime vertical con pesas de pedra.

Nel tecíanse os vestidos dos habitantes do castro.


Era un traballo artesanal, para autoconsumo.

A SOCIEDADE

Poderíamos falar de tres grupos sociais:

a/ A *familia* ou *clan* estaba formada polos parentes máis ou menos próximos, aínda que viviran en distintos castros.

b/ A *centuria* é unha organización de tipo militar, formada só por homes. Cada centuria tiña un xefe ou *princeps*.



c/ O *pópuli*, ou *pobo* abarcaba unha ampla zona de territorio e incluso tiña unha capital na que se reunían para comerciar, facer alianzas políticas ou matrimoniais...

Os pobos máis importantes eran os *nerios*, na zona de Bergantiños; os *caporos* por Compostela; os *ártabros*, polas Mariñas; os *grovios*, polo Condado e o Rosal...

ASPECTOS DEFENSIVOS

A sociedade castrexa non debeu ser moi belicosa, pero si deberon ter as súas liortas como demostran os sistemas de defensa que aparecen en tódolos castros.


Por unha parte, a situación estratéxica -nun outeiro ou nunha península-, as murallas, muros, foxos e parapetos indícanos que tiñan que defenderse dalgún tipo de ataques; por outra parte, as armas atopadas tamén nos falan dunha organización militar.

AS ARMAS


Cos restos chegados ata nós, podemos saber como eran as armas que usaban os guerreiros castrexos: a máis orixinal e única desta cultura é o puñal de antenas, feito todo en bronce ou o mango en bronce e a folla en ferro. Tamén usaban a lanza e a espada curta. Protexíanse co escudo, de forma redonda e, nalgúns casos, un casco (sen cornos).



Guerreiro castrexo



Puñal de "antenas",
moi característico desta época.



Espada de bronce e puntas de lanza



Restos do Castro de Baroña, preto de Porto do Son. Ó estar situado á beira do mar, aproveita os cantís como elemento de defensa. Pola parte da terra ten varios muros defensivos.

A RELIXIÓN

Os habitantes dos castros tiñan fortes crenzas relixiosas. Calcúlase que tiñan preto dun cento de deuses, aínda que moitos podían ser o mesmo con nomes distintos. Coñécese o nome dalgún deles: *Reua*, *Bormánico*, *Bandua*, *Laroco*... Había deuses da guerra, da auga, do gando, dos camiños, da vexetación, da fecundidade, dos mortos, etc.

O que, parece ser, non había eran templos nin grupos sacerdotais organizados, como os druídas, tan habituais nos pobos celtas.

As prácticas relixiosas eran frecuentes, con sacrificios de animais e incluso de persoas.



Ara votiva á deusa Navia (Museo de Lugo)



Ara votiva a Diana Cazadora (Museo de Pontevedra)

Aras votivas

Son como pequenos altares para ofrecer sacrificios ós deuses.

Tódalas aras atopadas son da época romana.

OS CASTROS ¿CELTAS?






Moito se ten falado dos “castros celtas”. Os primeiros estudiosos dos castros fálannos dunha poboación celta, e incluso os poetas: o Himno Galego, por exemplo, nos fala dos celtas como habitantes de Galicia e do seu xefe, Breogán.

Hoxe en día, a teoría de que os habitantes dos castros, os nosos antepasados, fosen todos de raza celta está completamente desbotada.

O que parece certo é que os primitivos castros foron obra dos antigos poboadores de Galicia, e que os celtas chegaron despois, uns cincocentos anos antes de Xesucristo, mesturándose coa poboación que xa había antes. Tamén é certo que os celtas introduxeron o ferro e que, posiblemente, formasen a clase dominante e a maioría dos guerreiros.

Final do poema “Os pinos”
(Himno galego):

...
Fillos dos nobres celtas
Fortes e peregrinos
Loitade polos destinos
Dos eidos de Breogán.





Motivos decorativos considerados “celtas” (hoxe pénsase que son romanos). Proceden dos castros de Armeá, Rubiáns, Baltar (Ourense); Santa Tecla (Pontevedra), e San Cibrao das Lás (A Coruña).

NÚMERO DE CASTROS

É moi difícil sabe-lo número exacto de castros que houbo en Galicia. Os historiadores calculan entre mil cincocentos e cinco mil, así que o termo medio serían uns dous mil ou dous mil cincocentos. A maioría están sen escavar. Só están escavados menos de cen castros.

O número de habitantes por cada castro é moi variable. A media estaría entre cincuenta e cento cincuenta persoas en cada un. Na época romana había castros con máis de mil habitantes.

Restos do castro de Fazouro, ó norte da provincia de Lugo.



Restos do castro de Castromao, en Celanova, Ourense.


AS ARTES

OURIVESARÍA


Unha das cousas que máis nos chama a atención da cultura castrexa son os obxectos de ouro atopados nas escavacións. Isto débese á boa conservación que ten o ouro, mentras que outros materiais como o ferro ou a madeira practicamente desaparecen.

A peza de ouro máis característica é o *torques*.

A maioría dos investigadores pensa que o levaban os homes importantes ó pescozo. Outros pensan que o levaban na man como símbolo de poder.




Diferentes tipos de torques atopados nos castros galegos.




Cunca de Leiro, Rianxo.
(Museo arq. de A Coruña)
É toda de ouro, e chámase “cunca”
porque, aínda que é un casco,
pensaron que tamén podería ser
unha cunca se se lle da a volta.

Outras pezas moi importantes son tamén as *diademas*, as *arracadas*, as *fíbulas* e os *brazaletes*.

Arracadas
(pendentes)




Fíbulas
(prendedores)



Brazalete




Diadema de Montes




ESCULTURA

Hai moitas figuras feitas en pedra atopadas nos castros, datadas xa na última época, a romana.

As figuras máis características son as de guerreiros. A maioría delas foron atopadas nos castros do norte de Portugal.




Guerreiro do castro de Armeá.



Estatua sedente (sentada) de Xinzo de Limia.



Cabeza de Cortés (Museo de Lugo).




Cabeza do Castro, Silleda.

O MISTERIO DAS PEDRAS "FORMOSAS"


Nalgúns castros galegos, pero sobre todo no norte de Portugal, apareceron unhas grandes pedras todas dunha forma parecida e decoradas.

Están formando parte dunha construción que non se sabe moi ben qué función tiña. Uns autores pensan que eran baños públicos; outros pensan que eran construcións funerarias, outros se serían fornos para o pan ou para o ferro...(tamén se chaman "fornos").


Hoxe pénsase que eran unha especie de baños de vapor ou saunas que servían para facer cerimonia de iniciación dos guerreiros. Pola decoración, son da época romana.



1ª Pedra Formosa do castro de Briteiros, ó norte de Portugal. É a máis decorada das que se atoparon ata agora. Mide case tres metros de alto e algo máis de dous de ancho.



Esquema da colocación da 2ª Pedra Formosa no castro de Briteiros, que aparece formando parte dunha construción maior.



2ª Pedra Formosa de Briteiros.

ACTIVIDADES


1.- Sobre o debuxo do guerreiro castrexo, pon os seguintes nomes: *lanza ou pilum, escudo, brazaletes, puñal de antenas, machado de dobre folla, torques.*

.....
.....
.....



.....
.....
.....

2.-Indica que están facendo e para qué.





.....
.....

3.- Completa a información axudándote do texto:

As  colocábanse no extremo

do  co que se facían

 de fío co que logo se facían

tecidos no 


Para tensa-los fíos usábanse
de pedra




A roupa cosíase con

 de óso ou de bronce

4.- Pon debaixo de cada obxecto o nome correspondente:




.....



.....




.....



.....

Están feitos de

5.- Repasa os puntos e debuxa este obxecto:



¿Como se chama?

¿De que materiais se facían?

6.- Co que levas visto e feito xa podes contestar estas preguntas:

a/ ¿En que lugares se construían normalmente os castros?

.....


b/ ¿ De que se alimentaban os poboadores dos castros?

.....

c/ Hai dúas épocas na cultura castrexa. Unha é anterior a Xesucristo, e a outra é posterior ¿Como se chaman?

..... e

Pon debaixo dos debuxos a época á que pertencen estas vivendas:



Época



Época

d/ ¿Que armas usaban os guerreiros castrexos?

.....

e/ ¿Podemos dicir que os habitantes dos castros eran celtas? Razona a resposta.

.....

.....

f/ As esculturas de pedra atopadas nos castros, ¿de que época son?

.....